


**PROGRAMA ELECTORAL  
BNG CELANOVA  
MUNICIPAIS 2023**



**Celanova**



Co BNG, Celanova é outra historia.

Nós nunca nos rendemos nin nos conformamos nin nos corrompemos.

Vimos dunha tradición vigorosa e irreverente.

Para o BNG, Celanova é outra historia.

Temos presente o espírito indomábel, independente e contestatario do Curros, do Celso Emilio, do Pepe Velo e de tantas outras.

O espírito mozo e rebelde do nacionalismo galego está nos xenes do BNG, e máis en Celanova.

Somos quen de imaxinar o futuro e traballar por ilusión, coa máxima responsabilidade, porque somos donas e donas de nós.

As loitas fixéronnos libres. Somos libres e por iso podemos falarche abertamente do que pensamos, do que queremos, do que soñamos.

**SOMOS SEMPRE VANGARDA.**

**Para o BNG, Celanova é outra historia. Podemos construíla xuntas.**

# EDUCACIÓN

Crearemos o primeiro **Consello Municipal de Educación de Celanova** a través do cal comprometer e coordinar a todos os axentes que traballan na tarefa primordial de socialización. E desde este organismo, aberto a equipos docentes, anpas, alumnado e outros axentes, promoveremos políticas de:

Financiamento para a mellora das instalacións. Empezando pola **reparación da escaleira que diariamente utilizan ducias de nenos e nenas para acceder desde a parada do bus ao patio no Colexio Curros Enríquez.**

Financiamento e posta a disposición dos centros e das anpas de recursos municipais para o desenvolvemento das actividades extraescolares, ampliando a demanda da oferta a inglés e robótica.

**Programa de mestres de apoio e de atención á diversidade funcional.**

Programa de dignificación e recoñecemento social á figura da mestra e do mestre.

**Axuda ao reforzo do servizo de limpeza e cambio de roupa ao alumnado de 3 a 5 anos naqueles centros que o precisen.**

Promoción de menús escolares a base de produtos de proximidade e acordos con produtores locais de Celanova e a súa comarca.

**Creación de camiños escolares seguros.**

Colaboración dos centros escolares con asociacións do terceiro sector para o aproveitamento de recursos (comida, roupa, outro material).

**Promoción de actividades conxuntas (de ocio, deportivas, culturais) e de intercambio entre os centros escolares da vila.**

Promoción das ensinanzas de idiomas para todas as ideas a través da reactivación da colaboración coa Escola Oficial de Idiomas.

Apoio á demanda da comunidade educativa dunha **nova oferta de ciclos de Formación Profesional.** E campaña de información entre o empresariado do concello da potencialidade destes ciclos para cubrir a demanda de profesionais cualificados.

**Promoción das ensinanzas para maiores.**

# MOCIDADE

Crearemos o primeiro **Consello Municipal de Mocidade de Celanova**, como organismo aberto á participación individual e de colectivos, que funcione como foro para expoñer ideas e identificar necesidade e decidir que políticas queremos levar adiante. As demandas que o BNG veu recollendo entre a mocidade indican estas prioridades:

Creación dun **Centro de Información Xuvenil** que preste un servizo de atención e orientación sobre asuntos como a sexualidade, a saúde, a concienciación social, ou ámbito laboral.

Creación da **Casa da Mocidade**, como espazo de **convivencia e autoxestión**, e elemento de dinamización de actividades.

Elaboración dun programa anual de lecer, deporte e cultura variado e en función das demandas das propias mozas e mozos, como: ciclos de cine e **talleres de escritura**, de fotografía, **foliadas**, charlas informativas sobre o medio ambiente, ou campamentos e **viaxes**, e que inclúa a **recuperación do Folión Castrexo**.

Programas de **voluntariado e cooperación** na atención a veciñas e veciñas.

Dotación e mellora dun **ximnasio municipal** con horarios para favorecer a actividade física máis alá do deporte federado.

Ampliación do servizo de bibliotecas municipais, coa **incorporación á rede local da Biblioteca do Instituto a través dun acordo de cooperación co IES Celso Emilio Ferreiro** que permita a súa apertura ao público e ao alumnado.



# SAÚDE E COIDADOS

A política municipal do BNG en materia de sanidade e de coidados estará orientada a defensa do sistema e os servizos públicos sanitarios e de coidados e, en consecuencia, á exixencia desde o Concello da Celanova diante da administración competente dunha dotación suficiente de recursos para que a veciñanza da comarca reciba unha atención sanitaria e de coidados de calidade.

Crearemos o primeiro **Consello Municipal de Saúde de Celanova**. Será un órgano de participación e comunicación entre a veciñanza, os axentes sanitarios e de coidados e o Concello para informar, asesorar e promover o estudo e propostas en materia de saúde pública, que terá como prioridades **a análise da situación sanitaria no ámbito municipal, a elaboración de programas e campañas municipais, a colaboración e coordinación na detección de necesidades coas administracións competentes, e potenciar a creación de asociacións relacionadas co estudo e a promoción da saúde.**

Promoveremos un acordo coa Administración competente para **a mellora dos accesos ao Centro de Saúde de Celanova**, tanto desde o punto de vista da mobilidade peonil como de vehículos sanitarios e particulares.

Instaremos á Administración competente a reforzar e **ampliar o catálogo de servizos do Centro de Saúde de Celanova, incorporando máis persoal**. Para consolidando con persoal especializado a atención en **pediatría** e a atención en **psiquiatría**.

No ámbito dos coidados, e vontade do BNG de Celanova **recuperar o ámbito de participación municipal na xestión da Residencia San Carlos** a través da presenza activa no Padroado da Fundación do alcalde, tal e como se acordou coa unanimidade dos grupos presentes na corporación local en outono de 2020 após da crise da pandemia, e **promover, a través desa participación activa un modelo de atención que máis personalizada e que incorpore ás familias segundo o deseño do plan de residencias que elaborou o BNG** a raíz daquela crise.

En función dunha análise da demanda, promoveremos a creación dun **Centro de Día público en Celanova**, comprometendo á Administración competente no seu financiamento e xestión cunha visión de servizo comarcal.

Promoveremos programas de actividade física para as persoas maiores en espazos naturais e optimizando o uso das instalacións deportivas existentes, incluíndo as dos centros educativos. Así como campañas de hábitos saudábeis.

# SAÚDE E COIDADOS

Ampliación das instalacións deportivas da Piscina Municipal, e **construción da Piscina Climatizada Municipal**.

Dotarase un servizo de atención a persoas dependentes para permitir a saída do domicilio e a axuda pola rúa. E acondicionaranse **espazos de relación interxeracional** no centro sociocomunitario, e estudarase a posibilidade de habilitar un programa de cohabitación para persoas maiores que vivan soas.

Traballaremos para recuperar un **Servizo de Axuda no Fogar municipal**, coa dotación e cualificación necesaria de persoal que goce ademais dunhas condicións laborais dignas.

Traballaremos para ofertar **un servizo de gardaría e canguraxe adaptado ás novas necesidades familiares** e con dotación de persoal e recursos suficientes para a ampliación de horarios.

# CARTA DA PAISAXE

## DEFENSA DO TERRITORIO

O nacionalismo galego, sempre comprometido co territorio, continuará a loitar contra as agresións ao noso medio natural. Alén das ferramentas que ofrecerá o Plan Xeral de Ordenación Municipal para a protección do territorio, o BNG de Celanova impulsará, con visión comarcal, unha Carta da Paisaxe, como instrumento participado para a mellora das paisaxes e a calidade de vida das persoas.

A **Carta da Paisaxe de Celanova** é unha ferramenta voluntaria de participación, concertación e mediación entre axentes públicos e privados orientada a promover a mellora das paisaxes e a calidade de vida das persoas e das comunidades, mediante o establecemento de **obxectivos de calidade paisaxística**, acordos sobre **estratexias de intervención** e compromisos para executar as actuacións fixadas nun **programa de xestión dinámica da paisaxe**.

A Carta é un documento público a favor da paisaxe no que as partes asinantes comprométese a traballar para desenvolver medidas territoriais, urbanísticas, agrarias, de potenciación do patrimonio natural e cultural, turísticas, de custodia do territorio e de desenvolvemento local, co **obxectivo de dinamizar os valores comúns para consensuar un pacto a favor da paisaxe**.

O BNG comprométese, desde o goberno municipal de Celanova, a impulsar a elaboración dunha Carta da Paisaxe de Celanova a través dun proceso participativo nun período de dous anos, entre 2024 e 2026.

O territorio e a paisaxe de Celanova constitúen un capital social e un recurso finito, fráxil e con limitada capacidade de rexeneración, polo que **é obriga da veciñanza promover unha xestión en base á sostibilidade ecolóxica e á primacía do interese público e de harmonía da paisaxe diante doutros intereses**.

A xestión da paisaxe deberá estar **orientada á obtención de beneficio social, cultural e económico a nivel local e comarcal**, ao incremento da calidade de vida e do medio natural e, de maneira especial, ao respecto do **equilibrio permanente entre a utilización do territorio e a salvagarda da súa autenticidade e integridade**.

## DEFENSA DO TERRITORIO

No ámbito do medio ambiente e defensa do territorio, o Concello de Celanova gobernado polo BNG comprometerase coa loita contra a ameaza de instalacións de macropolígonos de produción eólica ou fotovoltaica a través de campañas de información á veciñanza, de apoio á cidadanía nos procesos de participación pública, contribuíndo con estudos dos impactos deste tipo de instalacións na saúde, na biodiversidade, nas augas, no patrimonio cultural e na paisaxe, e na reclamación diante da Administración competente da revisión e avaliación do Plan Sectorial Eólico e a conseguinte eliminación da área de aproveitamento eólico do Vieiro tendo en conta as recentes declaracións de impacto ambiental desfavorábeis aos proxectos do Monte da Neve e do Monte Grande.

No contexto climático actual, o BNG promoverá desde o goberno municipal accións encamiñadas á concienciación social sobre os riscos do quecemento global e a diminución de prácticas locais que agravan o problema. Atendendo, singularmente, á xestión e conservación da calidade da auga.

E neste contexto, en relación á enerxía, o BNG apoiará desenvolvemento de fontes de enerxía sustentábeis e eficientes, con impactos limitados e socialmente participadas e que permitan aforros a través dunha tarifa eléctrica galega e no camiño da conformación dunha empresa pública galega.

## INCENDIOS

Loitaremos contra a lacra dos incendios forestais desde a prevención e asegurando o cumprimento rigoroso da normativa de protección de núcleos rurais. Ademais, elaboraremos un plan de emerxencia contra incendios forestais para cada núcleo rural que inclúa charlas de especialistas á veciñanza sobre como actuar en caso de incendio forestal.



# URBANISMO E ESPAZO PÚBLICO

A curto prazo a función máis importante dos concellos consiste na prestación dos servizos básicos, pero a medio e longo prazo, é incidir na ordenación adecuada do territorio tanto na previsión de intervencións sobre el como nas actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia.

**Iniciaremos a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.**

Serán obxectivos prioritarios do plan: a conservación ambiental e a sostibilidade do modelo urbano; a dotación de equipamentos e zonas verdes; a integración social e territorial dos diferentes núcleos; a preservación do patrimonio cultural e medioambiental; o control e equilibrio do crecemento urbano; a implantación de novo solo industrial e a reconversión de instalacións obsoletas; e **lograr que o concello sexa inclusivo, seguro, resiliente e sostíbel** (obxectivo número 11 dos ODS da Axenda 2030).

O plan tamén atenderá as seguintes cuestións: **favorecer o uso social e ponderado do patrimonio**; delimitar o solo non urbanizábel con aplicación extensiva da protección baseada en valores forestais e ambientais e das proteccións específicas de valores ecolóxicos e biolóxicos; **desenvolver estudos para mellorar a calidade ambiental**; xerar as condicións precisas para a promoción privada e pública de vivenda, **fomentar da rehabilitación das áreas consolidadas**; e a adecuación ao Plan de Mobilidade Urbana.

**Plan de Mobilidade Urbana.** É imprescindible a integración do pequeno e mediado comercio como actividade estratéxica para protexermos e a dinamizarmos nun plano de urbanismo e de mobilidade sustentábel.

A respecto da situación actual do fracasado intento de peonalización no centro histórico da vila, o BNG considera necesaria **unha reformulación que parta dunha análise técnica rigorosa e totalmente aberta a calquera solución que se decida a través dun proceso participativo.**

**Flexibilización, agás en edificios de valor patrimonial, das ordenanzas no relativo á reforma de vivendas**, para incrementar a oferta de pisos adaptados ás necesidades dos e das demandantes actuais, asegurando sempre estándares de habitabilidade.

Impulso de alternativas que permitan a instalación de **ascensores** en todos os edificios.

**Estudio previo para unha área de rehabilitación integrada no casco histórico sur: O Areal, Manuel Lezón e A Ermida**, que permita acceder a fondos para rehabilitación urbana destinados ao financiamento e execución conxunta de obras de rehabilitación, incluíndo vivendas unifamiliares, para **o mantemento da poboación** e cos obxectivos de mellorar a accesibilidade do espazo público, a recuperación de valores urbanísticos da área, a mellora dos espazos libres e o despregue de infraestruturas de comunicación.

# URBANISMO E ESPAZO PÚBLICO

Elaborar o Inventario de Bens Municipais.

**Elaborar e xestionar un banco virtual de vivendas en alugueiro.**

Plan de rexeneración dos barrios co obxecto de mellorarmos a calidade e accesibilidade dos espazos públicos.

**Nova regulación das terrazas e vixilancia do cumprimento do principio de accesibilidade das rúas.**

Garantía de accesibilidade universal ás beirarrúas, ás rúas e aos edificios e equipamentos públicos, eliminando as barreiras que dificultan o acceso. Ampliación das beirarrúas para promover e facer posíbel a mobilidade peonil en todo o espazo público. Intervencións que se deberán acometer de maneira urxente na **rúa do Cercado** e na **rúa Colón** e na **Castor Elices**, así como na **Urbanización Guadix**.

Posta en valor e uso as terras que non se traballan, dirixíndose aos propietarios de fincas que non se traballan para que se poidan ceder temporalmente e de xeito gratuíto para hortas.

Publicitar e **fomentar o uso de camiños e roteiros** na natureza en colaboración co tecido deportivo e asociativo.

**Elaboración dunha ordenanza municipal contra a contaminación acústica.**

Instalación de pasos de peóns con elevación para o **calmado do tráfico**.

## AUGA

Elaboración dun **Plan da Auga** con medidas de aforro e racionalización dos recursos hídricos.

Conservación e recuperación, dependendo dos casos, das **fontes** como un valor ambiental e patrimonial importante.

**Saneamento integral do concello**, completando as redes de sumidoiros con separación de augas pluviais e fecais.

# CULTURA

Para situar a historia e o legado cultural de Celanova á altura que merece estar, comezaremos por desenvolver as seguintes iniciativas:

**Reformulación da xestión e composición da Fundación Curros Enríquez, e reorientación dos seus obxectivos a través da dirección da Concellaría de Cultura e Patrimonio.**

**Axenda anual de festas e eventos culturais** do Concello de Celanova en colaboración cos axentes culturais do concello e asociacións e colectivos veciñais.

Celebración do **Día de Curros** nunha data a acordar (nacemento: 15 de decembro; falecemento: 7 de marzo, ou outras posíbeis).

**Creación do Museo-Arquivo Municipal de Historia de Celanova.** E recuperación de elementos patrimoniais que están espallados por distintos museos.

Impulsar a creación dun **Cineclub** e elaborar unha **programación cultural específica para cativos.**

Potenciación das programacións dirixidas a valorizar e visualizar os autores e as autoras galegas.

Publicación e distribución estábel de **unidades didácticas para a difusión da historia do concello e dos personaxes históricos do concello**, especialmente das mulleres que foron protagonistas e pioneiras, mais que foron invisibilizadas.

Dotación de novas instalacións para **o arquivo municipal**, axeitadas ás súas necesidades de funcionamento, e dixitalización e acceso en liña dos fondos documentais.

**Programa de recuperación, posta en valor e conservación dos BIC**, a través de publicacións, ciclos de conferencias, roteiros e eventos musicais que contribúan ao seu coñecemento público.

Comunicación permanente coa Banda de Música e as agrupacións de música tradicional e as súas escolas para garantir unha maior calidade nos servizos e reforzar os seus recursos.

**Dotación de material e recursos** (iluminación, son, calefacción) para o correcto funcionamento de recintos municipais susceptíbeis de uso cultural como **o AMIC e o Refectorio.**

Programación estábel anual de **teatro galego** e música, en recintos municipais a potenciar como o AMIC e o Refectorio.

# PATRIMONIO

O segundo eixo da Concellaría de Cultura e Patrimonio xirará ao redor das políticas de estudo, catalogación, conservación e divulgación do rico patrimonio histórico monumental de Celanova. O PXOM e o plan director do Mosteiro por desenvolver e que xorde a iniciativa do BNG, cando se reclamou a posta en uso da segunda planta da fachada norte, serán instrumentos chave.

**Promoveremos un catálogo do Patrimonio monumental do Concello de Celanova como base de accións futuras.**

Promoveremos medidas de coidado e ferramentas de comunicación, que inclúa unha guía audiovisual, para dalo a coñecer á veciñanza para que participe do seu coidado.

Impulsaremos unha investigación arqueolóxica pública sobre o patrimonio agochado na contorna do **Monte da Neve** trala a advertencia da cata inicial que se fixo no 2021 e que temos solicitado no Parlamento galego que se amplíe.

Avanzaremos na investigación de **Castromao** e na protección e difusión pública do conxunto como BIC.

Deseñaremos un roteiro histórico e monumental da vila de Celanova, e un roteiro polos núcleos históricos (Vilanova, Milmanda) como **oferta central turística do Concello de Celanova** en períodos vacacionais, que incluírá conferencias, exposicións e eventos musicais asociados ao recorrido, e paquetes de aloxamento.

Traballaremos para promover un **Festival Bienal de Música Antiga** cunha programación musical asociada aos períodos históricos dos BIC de Celanova e que teña como escenario os BIC na medida do posíbel.

Desenvolvemento de iniciativas de dinamización cultural e lingüística con entidades e institucións de países pertencentes ao **tronco común do galego-portugués**.

# MEMORIA

No ámbito da Memoria Histórica, recollemos aquí as demandas formuladas polo Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova a respecto do labor que desde a institución municipal se pode desenvolver para dar cumprimento aos mandatos da ONU de verdade, xustiza, reparación e deber de memoria.

**Retirada inmediata do vestixio fascista do Outeiro da Obra e outros elementos de exaltación do réxime segundo as competencias que a Lei xa concede aos concellos.**

**Resignificación do espazo do Outeiro da Obra fomentando actividades de memoria no mesmo.**

**Creación dun Lugar de Memoria no cemiterio de San Breixo, en Celanova, xa documentado como lugar de memoria, e instalación nel dun memorial ás vítimas do franquismo.**

**Documentación, catalogación e recuperación do camiño até o Outeiro da Obra que construíron os presos do cárcere franquista de Celanova.**

**Documentación e protección da pintada 'Adiante Semanario' na fachada do Mosteiro de Celanova, obra das Mocidades Galeguistas.**

**Sinalización no concello de Celanova do memorial de Xosé Vizoso ás vítimas do franquismo no Furriolo.**

**Apoiar unha investigación integral do acontecido no Furriolo despois do golpe de Estado de 1936, e elaboración dun censo de execucións extraxudiciais.**

**Colocación dunha placa no edificio dos Xulgados en Celanova en lembranza das mulleres que sufriron alí condena.**

**Creación no Mosteiro de Celanova dun Centro de Interpretación da Memoria Histórica de Celanova e a súa comarca.**

**Recoñecemento institucional e homenaxe no próximo mandato á última corporación municipal da II República.**

# INTEGRACIÓN

## **Definición dun catálogo de prestacións e servizos sociais municipais.**

Habilitación de enquisas, comprensíbeis ás persoas de calquera nivel sociocultural, sobre a satisfacción na atención aos Servizos Sociais Comunitarios.

Habilitar políticas de trato á veciñanza en exclusión social desde a dignidade e a confianza na promoción da súa **autonomía persoal**, fortalecendo a asistencia social municipal e explorando posibilidades de transferencias monetarias directa compatíbeis coa percepción doutras rendas sociais.

## **Oficina de atención ao Retorno e á Inmigración.**

Programa municipal de loita contra o racismo plan de acción e contra os delitos e discursos de odio que inclúan accións nos centros educativos.

Realizar as xestións oportunas diante das administracións correspondentes para abrir as instalacións deportivas dos colexios e fóra do horario lectivo para a actividade deportiva e cultural da veciñanza.

## **Ordenanza para regular as Axudas de Emerxencia Social.**

Realización de campañas de impacto masivo sobre os efectos das **adicións** nas persoas e nas súas contornas. Atención específica diante da elevación de consumos de drogas.

Apoio das entidades de doenzas pouco frecuentes.

## **Reforzar a formación do persoal do Concello en materia de xénero, e desenvolver os recursos e capacidades do Centro de Información á Muller aumentando o seu persoal.**

A respecto da loita contra a violencia de xénero, conformar **un grupo estábel de coordinación de recursos coa colaboración das administracións actúantes no territorio** que faga un seguimento das incidencias.

# ECONOMÍA

**PROXIMIDADE.** É vontade do BNG de Celanova promover e apoiar as iniciativas para a creación de mercados de produtos frescos que poñan a disposición das persoas produtos de calidade e de tempada. O BNG considera que o fomento do consumo local contribúe no só á potenciación das actividades agrícolas e gandeiras, tamén produce dinámicas de economía circular revitalizando á actividade comercial.

Revitalización e promoción da ocupación de postos baleiros na Praza de Abastos como centro dos mercados de proximidade na vila.

Fomentaremos a cooperación entre produtores locais, labregos e gandeiros orientados á produción sustentábel, cos obxectivos de que se coñezan entre eles (e tecer redes) e de dar a coñecer a oferta de produtos de proximidade en toda a comarca.

**Ofrecerémolles formación e asesoramento, e espazos e toda a axuda que se poida prestar para a realización de feiras ou eventos periódicos** na cabeceira de comarca, Celanova, como núcleo comercial, así como nas distintas localidades. Cun **novo calendario de feiras e eventos no plano local e comarcal**. Eses espazos son as feiras libres, nos que disporían dun **lugar propio e estábel e axuda coas infraestruturas precisas e na comunicación e publicidade**.

Animaremos a creación de **grupos de consumo local** para articular a relación entre persoas produtoras e consumidoras, fomentaremos a adquisición de produtos locais nos servizos públicos como os comedores escolares, así como **acordos coa hostalaría local para ofrecer produtos de proximidade**.

Prestaremos apoio á visibilización da recuperación da **artesanía e os oficios tradicionais** con viabilidade económica.

**SUPERFICIE AGRARIA.** Dentro do Plan da Auga terase en conta a utilidade do recurso para adoptar políticas de recuperación da terra agraria e a ampliación da superficie agraria útil, nunha estratexia encamiñada cara a unha produción de alimentos suficiente para atender as necesidades alimentarias da poboación.

**Contacto permanente co Grupo de Desenvolvemento Rural e adecuación das súas capacidades aos obxectivos medioambientais e produtivos definidos desde o Concello de Celanova.**

Recuperación dun mecanismo de asesoramento e promoción equivalente á Oficina de Extensión Agraria.

# ECONOMÍA

**EMPREGO.** O BNG aposta por manter, apoiar e dinamizar o comercio e a hostalaría local con medidas de modernización e incentivación do consumo como sector estratéxico de xeración de emprego.

**Desenvolver accións de formación e comunicación para promover, en colaboración co colectivo de comerciantes e hostaleiros, unha imaxe de marca asociada á calidade dos nosos produtos e servizos.**

O goberno do BNG reclamará á supresión das limitacións legais á creación de emprego público, co obxecto de reforzar e ampliar os servizos públicos que presta o Concello.

**Potenciación e transparencia nos obradoiros de emprego.**

Promoción da sinatura de convenios coas empresas locais para mellorarmos ocupación laboral.

Inclusión nos procesos de contratación administrativa de criterios relativos á calidade do emprego e cláusulas sociais.

**Apoio á creación de cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como á difusión e fomento do cooperativismo e a economía social.**

Mellorar a oferta de solo industrial.

Creación de un banco de locais comerciais baleiros, e potenciación de espazos de co-working tanto na vila como nos núcleos rurais.

Incentivar a creación de **sementeiras de empresas**, en apoio e asesoramento de emprendedores.

**TRANSPORTE.** Estudaremos a creación dunha rede pública en colaboración con empresas privadas de transporte municipal, comarcal e intercomarcal, para mellorar a comunicación de Celanova co resto de localidades e garantir a mobilidade a colectivos con dificultades.



# XESTIÓN / PARTICIPACIÓN

Promoveremos a revisión á baixa das retribucións dos cargos políticos municipais.

**Realizarase unha auditoría dos servizos municipais e impulsarse a revisión do contrato con Viaqua.**

Implantaremos a transparencia na xestión municipal, na xestión de licenzas e autorizacións especialmente; mellorando a resolución de trámites urbanísticos e a atención presencial.

**Elaboración de cartas de servizo, nas que se informe dos servizos que se ofertan, dos compromisos na prestación e dos trámites básicos.**

Implantaremos a retransmisión en directo por canle telemática dos plenos municipais.

Ofrecerase dación de contas da participación do goberno local nos órganos de fundacións e outros espazos de representación, como a Mancomunidade.

**PARTICIPACIÓN.** A chave para mellorar a calidade democrática na xestión do Concello de Celanova é a participación. Apostamos pola participación social como pilar da xestión municipal, non só favorecendo a xestión municipal de espazos por parte de colectivos e veciñanza (Casa da Mocidade) senón tamén a través de ferramentas de participación directa:

**Elaboraremos unha ordenanza de participación para a creación do Escano Cidadán e de Asembleas Parroquiais.**

Crearemos os concellos municipais sectoriais de Educación, Mocidade e Saúde como órganos de participación individual e colectiva.

Estudo de accións para a mellora do servizo de limpeza e recollida de lixo e reciclaxe que se prestan desde distintos organismos cara a unificación da xestión desde a institución municipal, incluído o reforzo de persoal e o uso eficiente dos recursos materiais.

**Elaboración dun plan municipal da xestión e recollida de lixo coa participación veciñal.**

En materia de seguridade e protección civil, o BNG de Celanova establecerá a recompilación e transparencia nos datos estatísticos sobre as intervencións e as actividades da policía local, así como a conformación dunha Xunta Local de Convivencia.

**Apoio e potenciación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.**

Redactar e pór en funcionamento **un plan de prevención de riscos comúns**, e definir un mapa de emerxencias comarcal.

# 27 compromisos

O BNG de Celanova comprométese a completar este mandato no ano 2027 tendo acadado os seguintes obxectivos:

- A reparación da escaleira que diariamente utilizan dúcias de nenos e nenas para acceder desde a parada do bus ao patio no Colexio Curros Enríquez.
- A creacións de camiños escolares seguros.
- O desenvolvemento do Programa de mestres de apoio.
- Cos consellos municipais de Educación, Mocidade e Saúde plenamente operativos.
- Coa Biblioteca do Instituto aberta a todo o alumnado e á veciñanza.
- Unha Casa da Mocidade activa e dinamizadora.
- Coa festa do Folión Castrexo definitivamente consolidada e en mans de mozas e mozos.
- O Escano Cidadán e as Asembleas Parroquiais.
- Os convenios coas empresas locais para mellorarmos ocupación laboral.
- Un novo calendario de feiras e eventos no plano local e comarcal.
- A Oficina de atención ao Retorno e á Inmigración.
- Ampliación das beirarrúas e adecuación da mobilidade peonil na rúa do Cercado e na rúa Castor Elices, así como na Urbanización Guadix.

Un Plan da Auga con medidas de aforro e racionalización dos recursos hídricos e recuperación de terras agrarias.

# 27 compromisos

- A ampliación do catálogo de servizos do Centro de Saúde de Celanova, incorporando máis persoal especializado a atención en pediatría e a atención en psiquiatría.
- A Piscina Climatizada Municipal funcionando.
- Un plan de emerxencia contra incendios forestais, e a Carta da Paisaxe consensuada.
- Un Plan Xeral de Ordenación Municipal, e un Plan de Mobilidade Urbana.
- Unha área de rehabilitación integrada no casco histórico sur en desenvolvemento.
- Unha nova regulación das terrazas e de contaminación acústica.
- Unha Concellaría de Cultura e Patrimonio que promova a celebración do Día de Curros e o Museo-Arquivo Municipal de Historia de Celanova.
- Un Centro de Interpretación da Memoria Histórica de Celanova e a súa comarca.
- Unha Praza de Abastos revitalizada e completa.
- Rematada a investigación arqueolóxica pública sobre o patrimonio agochado na contorna do Monte da Neve.
- Unha Fundación Curros Enríquez reorientada no seu rol dinamizador a partir dunha xestión renovada.
- Con programas de voluntariado e cooperación.
- Co saneamento integral do concello.
- E cunha imaxe de marca Celanova asociada á calidade dos nosos produtos e servizos, apoiada nos sectores estratéxicos do comercio e a hostalería.



# Celanova Merece Máis

UNHA  
NOVA GALIZA  
CONCELLO  
A CONCELLO



**Celanova**

1. Leopoldo Rodríguez
2. Xulia Paz Fernández
3. Ernesta Seoane
4. Erik Dobaño Salgado
5. María Rodríguez Mosquera
6. Dores García Duarte
7. Sandra Álvarez Domínguez

8. Julia Fernández Hermida
9. Manuel Vega González
10. Xan Carlos Fernández
11. Amavia Méndez
12. Xosé Manuel Feijoo
13. Sindo Rodríguez Bernardo

14. Rafael Estévez
15. Julio Díaz Célix
16. Aldara Vázquez
17. Silvia Rodríguez González
18. Roberto Montes Costa
19. Xandra Martínez
20. Manuel Nogueiras Gándara
21. Luis Esperanza Vázquez

# VOTA BNG